As diferentes actividades permitirán ao alumnado relacionar os diversos contidos das distintas unidades, non só dentro da nosa materia, senón doutras disciplinas, como a física, química, historia....

O desenvolvemento das COMPETENCIAS CLAVE vai acompañado dunha práctica pedagóxica existente tanto para o alumnado como para o profesorado. Para o alumnado, porque ten que se implicar na aprendizaxe e ten que adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo en que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo. E para o/a docente, porque terá que despregar os RECURSOS DIDÁCTICOS necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da área como compoñentes das competencias básicas, e poder acadar así os obxectivos do currículo. O/A docente deberá procurar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos catro saberes que conformen cada unha das competencias (saber, saber facer, saber ser e saber estar). Así mesmo, creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado; que o incite a cuestionar os seus saberes actuais; que o obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer co dos seus compañeiros e compañeiras, a xustificar e interpretar con rigor etc.

Metodoloxía didáctica para prácticas de laboratorio

As clases prácticas perseguirán a consecución de aprendizaxes significativas no alumnado de maneira que este se implique no proceso de aprendizaxe aplicando os coñecementos teóricos para a consecución dos obxectivos procedementais. Isto serve ademais para motivalo e estimular a súa curiosidade.

A/O docente procurará situacións próximas aos alumnos e alumnas para que estes poidan aplicar en diferentes contextos os contidos procedementais. Así mesmo, conseguirá contextos e situacións que representen retos que os inciten a se cuestionar para conseguir a aprendizaxe significativa.

10. Materiais e recursos didácticos

En cada unidade didáctica empregaranse os materiais necesarios para realizar as diversas actividades, entre outros: libreta da/o alumna/o, libro de texto, diferente bibliografía, material de laboratorio, modelos tridimensionais, colección de rochas e minerais, colección de mostras microscópicas, videos didácticos, ordenador portátil e canón, etc.

Como xa sucedeu en cursos pasados, o alumnado de primeiro de ESO (Bioloxía e Xeoloxía) traballa con EDIXGAL polo que en lugar do libro de texto contarán cos seus propios ordenadores. No resto de cursos, tanto se o alumnado conta con libro de texto coma se non, existirá aula virtual da materia, de especial utilidade no caso de ter que pasar por circunstancias sanitarias a modelos de ensino non presenciais ou mixtos.

Os libros de texto do alumnado dos diferentes cursos nos que se emprega libro son os seguintes:

Curso e materia	Editorial
3º ESO Bioloxía e Xeoloxía	Anaya
4º ESO Bioloxía e Xeoloxía	Anaya
4º ESO Cultura Científica	Anaya
4º ESO Ciencias Aplicadas	Anaya
1º BAC Bioloxía e Xeoloxía	Anaya
2º BAC Bioloxía	Anaya

11. Recuperación e avaliación das materias pendentes

Dentro do Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes en ESO seguiranse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constan na programación didáctica do curso vixente.

Actividades de avaliación

A partir de outubro, o xefe de departamento e o profesorado que imparta o curso onde se atope o alumno/a con materias pendentes, entregarán ao alumnado coa materia pendente unhas fichas, que o alumnado deberá entregar na data prevista, polos medios indicados (presencialmente ou de forma telemática). As tarefas de ditas fichas versarán sobre os mínimos esixibles e serán avaliadas durante os días posteriores á entrega polo xefe de departamento.

As tarefas poderán ser: cuestións de desenvolvemento longo ou curto, exercicios do libro de texto, identificación de debuxos, completar cadros, realización de esquemas e resumos, etc. Todas irán encamiñadas a facilitar ao alumnado un repaso dos contidos máis relevantes de cada unidade.

O alumnado con adaptación curricular terá unhas fichas especiais adaptadas ás súas necesidades, e será avaliado segundo a súa ACI correspondente.

No caso de que o alumnado non entregue algunha das fichas dentro das datas indicadas polo xefe de departamento, terá que presentarse a unha proba escrita en maio, no que se examinará dos contidos de todo o curso. Haberá tamén a oportunidade de recuperar a materia cunha proba final en xuño.

12. Deseño da avaliación inicial.

A avaliación inicial consistirá nunha proba oral ou escrita sobre CONTIDOS básicos da materia e sobre todo incidindo nos contidos do curso anterior que lle poidan servir ao alumno/a para seguir con éxito o curso.

A proba consistirá en exercicios variados como:

- .- cuestións de desenrolo longo ou curto.
- .- cuestións de resposta alternativa (verdadeiro ou falso).
- .- cuestións de correspondencia (establecer relacións entre dúas columnas).
- .- cuestións de pareo (encher ocos).
- .- identificación de esquemas e debuxos.
- .- definicións.
- .- cuestións de razonamento.

Para a avaliación de dita proba teremos en conta a utilización dun vocabulario específico da materia, a adecuación das respostas ás cuestións e a expresión clara e ordeada.

13. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade dos/as alumnos/as, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que os materiais curriculares posibiliten unha acción aberta dos/as profesores/as, de forma que tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas poidan variar segundo as necesidades específicas da aula.

Consideraremos a atención á diversidade en tres planos:

Atención á diversidade na programación

Tendo en conta que no currículo de Ciencias da Natureza existen abundantes exemplos de contidos que poden representar dificultades na aula, poñendo de manifesto a diversidade no conxunto dos/as alumnos/as e evidenciando as diferenzas individuais na clase, realizamos unha programación baseada nos contidos mínimos, aqueles que poidan ser comprendidos por toda a clase ou, polo menos, polo maior número posible de alumnos e alumnas e que poidan ser considerados esenciais.

Atención á diversidade nas actividades

A categorización das actividades permite atender á diversidade na aula, podendo propoñerlle a cada alumno/a aquelas actividades que mellor se adecuen ás súas capacidades, necesidades e intereses.

Polo tanto, a atención á diversidade fainos necesario un repertorio de actividades que conteñan unha organización con diferentes graos de dificultade, polo que se farán propostas de traballo a todos os alumnos para realizar, propoñendo actividades máis sinxelas (de reforzo) para aqueles alumnos/as que teñan dificultades para progresar dentro do grupo e outras máis complexas (de ampliación) para os máis avanzados.

Actividades de reforzo e ampliación

Son necesarias particularmente nos casos nos que convén reforzar a aprendizaxe dos/as alumnos/as con dificultades ou satisfacer as necesidades dos/as alumnos/as máis adiantados xa que permiten repasar e traballar conceptos, aplicar técnicas e afianzar destrezas.

Dentro deste tipo de actividades poderíamos citar:

- Traballos sobre temas xa estudados co fin de que se busquen novos datos ou posibles aplicacións, ou relacións con informacións de actualidade.
- Aproveitar os contidos transversais para reforzar conceptos que puideran quedar pouco aclarados ou para ampliar información.
- Facer referencia, en cada unidade didáctica, a aspectos xa tratados nas anteriores.
- Proporcionar cuestionarios cunha xerarquiación das cuestións dende as máis básicas ás máis avanzadas.

Atención á diversidade nos materiais utilizados

A combinación do material esencial (o libro de texto ou plataforma EDIXGAL según o curso) con diversos materiais de reforzo ou ampliación permite atender á diversidade en función dos obxectivos fixados.

Con respecto ao alumnado con necesidade educativas especiais diagnosticadas polo Departamento de Orientación, realizaranse as **ACIS** que afecten aos elementos prescriptivos do currículo.

Atención a alumnos con Adaptación curricular

Ao alumnado con adaptación curricular (ACI) facilitaráselle o material para traballar na aula que consistirá nunha serie de fichas cun mínimo de teoría e exercicios prácticos que axuden á comprensión dos contidos e á consecución dos obxectivos. As fichas prácticas serán corrixidas e valoradas. Realizaranse tamén probas escritas e aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que para o curso correspondente.

14. Elementos transversais

Un proceso educativo enriquecedor debe trascender o ámbito dunha disciplina concreta e perseguir ademais uns obxectivos formativos doutra natureza; así, aparecen temas ou contidos que non son propios da materia, nin sequera dunha unidade didáctica da materia senón que trascenden a un epígrafe e subxacen de forma transversal na elaboración das actividades para cada nivel e que poden ser introducidos como contidos conceptuais que relacionen diferentes bloques. Así por exemplo, os problemas enerxéticos son transversais non só na área de ciencias, senón que trascenden a outras áreas dando lugar a transdisciplinariedade.

Dentro da Bioloxía e Xeoloxía, se ben están presentes todos os temas transversais (Educación para a convivencia, Educación non sexista, Educación ambiental, Educación sexual, Educación vial...) a orientación da materia produce un tratamento máis exhaustivo dalgúns deles. Estes son os seguintes:

Educación ambiental

A educación ambiental debe partir do suposto de que a conservación do medio natural por parte dos individuos e por parte dos estados xorde como consecuencia duns valores que rematan establecendo normas por parte das administracións. O ensino ten a misión de fomentar actitudes de respecto coa natureza nos alumnos co fin de que obteñan unha formación medioambiental que lles permita ser conservacionistas.

O tratamento da Educación ambiental en Bioloxía e Xeoloxía realízase tanto nos temas especificamente dedicados á ecoloxía como no resto das unidades, como unha impregnación xeral de todos os temas.

A importancia indiscutible deste tema transversal na materia de Bioloxía e Xeoloxía esixe un tratamento especial correspondendo a esta materia a aplicación dos coñecementos previos sobre os ecosistemas para un estudo máis científico das relacións existentes no seno dos mesmos, a intervención humana no medio e o mantemento da

biodiversidade, acompañado de procedementos de estudo do medio, axeitados ás capacidades dos alumnos.

Educación para a saúde

En 3º de ESO afiánzanse os coñecementos do alumnado en relación coa súa saúde e foméntase a comparación con outros seres vivos, para atopar semellanzas e diferencias.

Xorden aspectos moi variados da Educación para a saúde, relacionados con todas as funcións do corpo humano que deberán ser obxecto de debate na aula, para afondar sobre os conceptos, procedementos e actitudes tratados no texto.

Educación sexual e para a igualdade entre os sexos

O tratamento deste tema transversal realízase de forma científica e respectuosa coa persoa, integrando os conceptos no contexto da reprodución dos seres vivos. Este tratamento fomenta a distinción entre reprodución e sexualidade posibilitando a apreciación da sexualidade humana.

A educación para a igualdade entre os sexos é un contido transversal que debe ser tratado de xeito ineludible e continuado, de maneira directa ou indirecta, pero sempre buscando a reflexión e a crítica de actitudes sexistas, para contribuír á integración destes valores no alumnado. Excluirase calquera discriminación por razón de sexo presentando sempre á muller en situacións de igualdade con respecto ó home tanto no campo do taballo científico como noutros ámbitos cotiáns. Resaltarase a labor que tiveron no pasado e teñen na actualidade as mulleres que constrúen o noso coñecemento científico así como as dificultades ás que se enfrontaron e enfrontan para conseguilo.

Educación para o consumidor

Dende o punto de vista da Bioloxía e a Xeoloxía este tema está estreitamente relacionado tanto coa Educación ambiental nos aspectos relativos ao uso responsable dos recursos naturais e á crítica da presión consumista, que agrede á natureza acelerando o uso de recursos non renovables e xerando toneladas de lixo non biodegradable, como coa Educación para a saúde nos aspectos sobre elección de alimentos axeitados, a verificacións das normas e condicións de conservación, a comprobación da etiquetaxe, etc...

A educación para o consumo deberá fomentar actitudes no eido da saúde, consumo, aplicacións químicas para a obtención e conservación dos produtos alimentarios, etc... sen circunscribilos unicamente ó tema da alimentación.

Educación para a paz

Se ben non se aborda dun modo explícito, na Educación para a Paz, non obstante, subxacen algúns fundamentos traballados en Bioloxía e Xeoloxía:

- Respecto aos distintos comportamentos que pode presentar o ser humano.
- Equilibrio nas relacións dos seres humanos entre si e co medio que lles rodea.
- Distribución equitativa e xusta da enerxía e dos recursos dispoñibles no Planeta.
- Dereito á Saúde, en sentido amplo, de todas as persoas, con independencia do sexo, idade, relixión ou calquera outro factor de posible discriminación.

Educación para o lecer, Educación vial

A educación para o lecer, a educación vial, etc... están tamén ligadas a actitudes propias da ciencia. Pensemos, por exemplo, as consecuencias para o corpo humano que ten a conducción sen casco, sen cinto de seguridade, tras o consumo de alcol e estupefacientes, etc...

15. Proxecto lector

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía seguirá as directrices que plantexa o o Plan Lector do centro, que terá como obxectivos:

- .- Conseguir a paulatina capacitación do alumnado na lectura e comprensión de todo tipo de textos.
- .- Implicar a todas as persoas do centro educativo para que transmitan unha actitude positiva diante do proceso de lectura, non só como medio de aprendizaxe senón como recurso de pracer e como axuda ao desenvolvemento persoal.
- .- Favorecer a competencia literaria.
- .- Educar no uso crítico da información.

Para conseguir os obxectivos anteriormente citados, o noso departamento empregará tanto soportes impresos como soporte electrónico. A utilización de artigos de xornais e revistas, así como a información obtida de Internet, respecto a diversos temas científicos de interese serán utilizados como ferramenta imprescindible para fomentar a lectura, xa que non olvidamos que a nosa materia require unha boa base lectora e comprensiva, para poder ter unha boa redacción e expresión escrita.

Serán suxeridas polo profesor diferentes lecturas recomendadas de libros ou fragmentos dos mesmos que se consideren de interese.

Destinarase un tempo na aula á lectura de textos breves de carácter científico, avaliando a súa comprensión e interese amosado.

Entre as diversas obras que propoñeremos ao noso alumnado destacamos:

- Hawking, L. e Hawking, S. (2007). *La clave secreta del Universo*. (Ed. Montena ou Ed. Debolsillo). 1º ESO.
- Solar, M. (2017). *Os nenos da varíola*. (Ed. Galaxia). 3º ESO.
- Harari, Yuval Noah (2013). *Sapiens. De animales a dioses*. (Ed. Debate) 4º ESO.

16. Mecanismos de revisión e modificación das programacións didácticas

Como é lóxico, unha Programación Didáctica de Departamento é un documento que debe estar sempre aberto a posibles cambios co propósito de modificar aqueles apartados que na práctica docente resulten non ser axeitados á realidade da aula. É, por iso, que a propia autoavaliación da Programación Didáctica debe ter dous grandes bloques: por unha banda, sinalar aqueles ítems claves do grao de consecución e, por outra, especificar as posibles correccións aplicables para as futuras Programacións.

A continuación indicaranse os ítems nos que se baseará a autoavaliación do grao de consecución da Programación Didáctica do presente curso académico:

ÍTEMS FUNDAMENTAIS	GRAO DE CONSECUCIÓN		
	<i>Sí</i>	<i>Mellorable</i>	<i>Non</i>
1. Acadáronse os obxectivos didácticos previstos na Programación?			
2. Aplicáronse correctamente as metodoloxías en cada un dos cursos e niveis?			
3. Aplicáronse correctamente os criterios de avaliación previstos?			
4. Aplicáronse correctamente os criterios de cualificación previstos?			

5. Acadáronse os resultados académicos previstos por parte do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe?			
6. Aplicáronse correctamente, en cada un dos cursos, os apartados previstos na Programación Didáctica?			

En caso negativo de calquera dos ítems fundamentais, especificar na seguinte táboa, no que se errou para futuras correccións:

<i>ÍTEM FUNDAMENTAL NON ACADADO</i>	<i>CURSO</i>	<i>OBSERVACIÓNS E MEDIDAS DE MELLORA</i>

En Cedeira,

Mario Sousa Santiago

Xefe do departamento.

ANEXO:

17. Sociedade Inclusiva - 2º ESO

Introdución e xustificación.

A inclusión, como principio fundamental do noso sistema educativo, está presente en diferentes documentos como na Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948, art. 26), na declaración de Incheon da UNESCO (2016), na Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (2006), na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa (LOMCE), e no Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Pero para unha inclusión real non abonda con que figure na norma, precisamos que do convencemento da comunidade educativa e da sociedade en xeral xurdan accións como a planificación e implementación de accións e proxectos que garantan unha sociedade plenamente inclusiva. A igualdade de oportunidades para todas as persoas precisa da implicación e do compromiso social de moi diferentes axentes, entre eles a comunidade educativa, para garantir os recursos e os contextos sociais que, desde o deseño universal sexan equitativos e xustos.

Unha sociedade inclusiva é aquela que se apoia na convicción de que todas as persoas poden desenvolverse plenamente cando se lles outorgan as oportunidades de aprendizaxe axeitadas, cando se estimulan as capacidades e responsabilidades sociais na escola, pero tamén nos contornos sociais e ao longo de toda a vida, traballando en colaboración coas familias e outros membros da comunidade.

Para acadar este proxecto social inclusivo precísanse cidadáns e cidadás activos, participativos e comprometidos coa inclusión plena e real. Polo tanto esta materia vai encamiñada á construción dun pensamento social crítico que teña o seu reflexo no contorno próximo do alumnado. Os diferentes bloques que constitúen a materia enténdense como unha espiral na que se parte do concreto, simple

e próximo ata analizar a realidade do contorno e actuar sobre ela para melloralala. Trátase, polo tanto, dunha materia proactiva que precisa dunha metodoloxía de participación e construción conxunta do coñecemento, de descubrimento, de aprendizaxe baseada en proxectos e, en resumo, de experiencia vital e social vinculada ao contorno educativo e social do alumnado. Neste sentido, contar coas vivencias de diferentes persoas é especialmente valioso para enriquecer a mirada e potenciar a empatía de cara a unha sociedade inclusiva.

Contidos

Bloque 1. A diversidade como valor social

Analízase o concepto de diversidade desde unha perspectiva comunitaria, como factor de enriquecemento e de crecemento persoal e colectivo. Pártese dunha visión positiva da diferenza fronte aos prexuízos que poden coartar as nosas expectativas con respecto a nós mesmos e aos demais. O autoconhecimento e a autoaceptación, como elementos de desenvolvemento emocional claves na escola, trabállanse desde unha visión inclusiva. Finalmente reflexiónase sobre os apoios necesarios e sobre como estes son flexibles e variables, dependendo de cada persoa e de cada momento vital, ambiente ou situación. Os apoios como elemento de xustiza social, en suma, permiten darlle a cada persoa o que necesita en lugar de dar a todas as persoas o mesmo. Así, este primeiro bloque está centrado en cambiar a mirada coa que se observa os demais e o contorno, facéndoa máis rica e sensible.

B1.1. O concepto de diversidade. A diversidade como conxunto de características das persoas: diversidade social, cultural, funcional, de xénero, afectivo-sexual, etc.

B1.2. As persoas e as súas diferenzas. A diferenza como valor social enriquecedor. A empatía e a súa importancia para a socialización.

B1.3. Os prexuízos como factor limitador para o desenvolvemento social. A construción social desde o coñecemento e a comprensión das demais persoas.

B1.4. O coñecemento das fortalezas e necesidades de todas as persoas para facilitarlles o máximo desenvolvemento posible.

B1.5. Os apoios necesarios adaptados á persoa concreta. A importancia do trato á persoa de acordo con as súas características: idade cronolóxica, potencialidades, etc

Bloque 2. A accesibilidade universal e a inclusión

Cobran relevancia as cuestións vinculadas á accesibilidade universal propiamente dita. A identificación e eliminación de barreiras de todo tipo, tanto desde accións de accesibilidade como desde un axeitado deseño universal ou para todos e todas, permite unha análise máis fina das potencialidades e necesidades das diferentes persoas e de como os contornos físicos, organizativos e sociais lles dan resposta. Analízase se as diferentes respostas favorecen ou dificultan a inclusión e a construción dunha cultura colectiva inclusiva. Reflexiónase tamén sobre a diversidade na familia e sobre como os contornos familiares, pola súa proximidade, poden axudar a centrar as cuestións clave da accesibilidade.

B2.1. O concepto de inclusión como evolución de integración. A segregación en relación coa equidade e igualdade de oportunidades

B2.2. A Accesibilidade universal como elemento necesario para o desenvolvemento de todas as persoas.

B2.3. A contorna como verdadeira posibilidade para comprender a necesidade da accesibilidade universal e os beneficios para a comunidade. Tipos de barreiras (físicas, de comunicación, cognitivas, actitudinais, organizativas, etc.).

B2.4. Medidas ou accións que Promoven inclusión. A lingua de signos, lectura fácil/accesible, sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC), Braille, accesibilidade Web, accesibilidade física e sensorial, etc.

B2.5. O deseño universal, un deseño para todos e todas.

B2.6. A diversidade e a accesibilidade na contorna familiar

Bloque 3. A contorna inclusiva

Céntrase na aplicación práctica, isto é, na abordaxe de proxectos de análise e intervención sobre o contorno, desde o nivel máis pequeno e próximo das actividades ata a intervención en contornos sociais amplos como o barrio ou o concello contando co papel relevante do asociacionismo e do voluntariado. O seu obxectivo é integrar e poñer en acción todos os contidos tanto conceptuais como procedementais e actitudinais que, mobilizados de xeito efectivo, supoñen o desenvolvemento das competencias clave do alumnado. Supón tamén unha invitación á participación da comunidade

no proceso educativo favorecendo o exercicio dos dereitos e deberes do alumnado como cidadanía activa e responsable.

B3.1. Actividades inclusivas (proxectos, xogos, dinámicas de grupo, etc.) en contextos de aula, espazos lúdicos e actividades extraescolares e complementarias.

B3.2. A aula e o centro educativo (servizos educativos e complementarios) como contextos inclusivos.

B3.3. As asociacións, ONG, organizacións sociais, etc., como axentes facilitadores da inclusión tanto nos centros educativos como na contorna social.

B3.4. A contorna próxima (barrio, concello, etc.) inclusivo.

O desenvolvemento dos bloques non seguirá unha orde cronolóxica senón que, en función da metodoloxía empregada e das actividades programadas, poderán intercalarse para configurar proxectos de traballo, aprendizaxe-servizo e aprendizaxe colaborativa.

Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias.

Sociedade inclusiva - 2º curso da ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compe tencias
Bloque 1. A diversidade como valor social				
<ul style="list-style-type: none">• c• h• m	B1.1 O concepto de diversidade. A diversidade como conxunto de características das persoas: diversidade social, cultural, funcional, de xénero, afectivo-sexual etc.	B1.1 Recoñecer e comprender a propia diversidade e a dos demais, interpretando a realidade a través das diferenzas.	B1.1.1 Explica mediante exemplos tirados da vida cotiá, os tipos de diversidade referidos a si mesmo e aos demais.	CSC CCL
			B1.1.2 Deduce, desde o respecto, en base a informacións variadas, as diferentes sensibilidades derivadas da diversidade.	CCEC CAA

<ul style="list-style-type: none"> • c • h • m 	<p>B1.1 O concepto de diversidade. A diversidade como conxunto de características das persoas: diversidade social, cultural, funcional, de xénero, afectivo-sexual etc.</p>	<p>B1.1 Recoñecer e comprender a propia diversidade e a dos demais, interpretando a realidade a través das diferenzas.</p>	<p>B1.1.1 Explica mediante exemplos tirados da vida cotiá, os tipos de diversidade referidos a si mesmo e aos demais.</p>	<p>CSC CCL</p>
			<p>B1.1.2 Deduce, desde o respecto, en base a informacións variadas, as diferentes sensibilidades derivadas da diversidade.</p>	<p>CCEC CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> • a • g 	<p>B1.2 As persoas e as súas diferenzas. A diferenza como valor social enriquecedor. A empatía e a súa importancia para a socialización.</p>	<p>B1.2 Recoñecer o concepto de diversidade funcional e os seus diferentes tipos: física ou motora, sensorial, psíquica e intelectual.</p>	<p>B1.2.1 Expón unha visión xeral dos diferentes tipos de diversidade funcional e as súas principais características.</p>	<p>CMCCT</p>
			<p>B1.3.1 Identifica as diferenzas e valora o papel que teñen como elemento enriquecedor.</p>	<p>CCEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • l 	<p>B1.3 Os prexuízos como factor limitador para o desenvolvemento social. A construción social desde o coñecemento e a comprensión dos demais.</p>	<p>B1.3 Fundamentar o valor da diferenza como elemento enriquecedor.</p>	<p>B1.3.2 É quen de poñerse no lugar do outro en situacións discursivas, dramatizacións e xogos de rol para amosar as diferenzas como elementos impulsores de procesos de mellora.</p>	<p>CSIEE CCL</p>
			<p>B1.4.1 Describe os seus propios prexuízos cara a características diversas como as diferenzas en mobilidade, xénero, raza...</p>	<p>CCL</p>

<ul style="list-style-type: none"> • d • e • l 	<p>B1.3 Os prexuízos como factor limitador para o desenvolvemento social. A construción social desde o coñecemento e a comprensión dos demais.</p>	<p>B1.4 Recoñecer os propios prexuízos cara a un mesmo e aos demais en contraposición ás características reais das persoas e valorar o impacto que teñen no desenvolvemento persoal e social destas.</p>	<p>B1.4.1 Describe os seus propios prexuízos cara a características diversas como as diferenzas en mobilidade, xénero, raza...</p>	CCL
			<p>B1.4.2 Busca e compara as características reais de diferentes persoas fronte ás ideas baseadas nos seus propios prexuízos e analiza o impacto destes nas expectativas.</p>	CSC CD CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • m 	<p>B1.4 O coñecemento das fortalezas e necesidades de todas as persoas para facilitarlles o máximo desenvolvemento posible.</p>	<p>B1.5 Recoñecer as fortalezas e capacidades ademais das necesidades de todas as persoas, independentemente da súa condición.</p>	<p>B1.5.1 Describe e valora as fortalezas, debilidades e necesidades propias e dos/das demais.</p>	CSIEE CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • m 	<p>B1.5 Os apoios necesarios adaptados á persoa concreta. A importancia do trato á persoa de acordo coas súas características: idade cronolóxica, potencialidades etc.</p>	<p>B1.6 Coñecer os diferentes apoios (comunicativos, de mobilidade, cognitivos etc.) e demostrar a súa necesidade.</p>	<p>B1.6.1 Aplica o concepto de apoio e é quen de xustificar a súa natureza e necesidade.</p>	CSC CCL CMCCT
		<p>B1.7 Reflexionar sobre a igualdade de trato e relacionala coa xustiza social.</p>	<p>B1.7.1 Pon exemplos de igualdade de trato dos que deducir que é un factor impulsor da igualdade de oportunidades.</p>	CSIEE CSC
		<p>B1.8 Analizar en positivo a necesidade dos apoios segundo cada persoa.</p>	<p>B1.8.1 Analiza de xeito crítico exemplos de necesidade e pertinencia dos diferentes apoios en función de destinatarios concretos.</p>	CAA CCL
<p>Bloque 2. A accesibilidade universal e a inclusión</p>				

<ul style="list-style-type: none"> • l • ñ 	B2.1 O concepto de inclusión como evolución de integración. A segregación en relación á equidade e igualdade de oportunidades.	B2.1 Coñecer e exemplificar os conceptos de inclusión, normalización, integración e segregación en todos os ámbitos.	B2.1.1 Utiliza o concepto de inclusión, fronte a segregación e integración, a través de exemplos de medidas adoptadas en situacións da vida diaria para solucionar problemas cotiáns.	CSC
--	--	--	---	-----

•			B2.1.2 Explica a relación que existe entre a normalización e a inclusión e ilústraa con exemplos prácticos.	CCL CSIEE
		B2.2 Interpretar o significado do concepto de inclusión de xeito positivo, relacionado coa equidade e a igualdade de oportunidades.	B2.2.1 Identifica boas prácticas inclusivas no seu centro e na súa contorna, e relaciónaas coa equidade e a igualdade de oportunidades.	CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • c • e • m 	B2.2 A accesibilidade universal como elemento necesario para o desenvolvemento de todas as persoas.	B2.3 Comprender o concepto de accesibilidade universal e a súa importancia para o desenvolvemento de todas as persoas.	B2.3.1 Aplica o concepto de accesibilidade universal para expresar relacións de equidade e igualdade de oportunidades.	CSIEE CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • f • g • m 	B2.3 O contorno como verdadeira posibilidade para comprender a necesidade da accesibilidade universal e os beneficios para a comunidade. Tipos de barreiras (físicas, de	B2.4 Recoñecer e analizar as diferentes barreiras que dificultan a accesibilidade universal e participación da persoa en calquera	B2.4.1 Identifica, desde unha actitude construtiva, barreiras no seu centro e na súa contorna, e analiza como poden afectar a cada unha das persoas.	CMCCT CD

<ul style="list-style-type: none"> • f • g • m 	<p>B2.3 O contorno como verdadeira posibilidade para comprender a necesidade da accesibilidade universal e os beneficios para a comunidade. Tipos de barreiras (físicas, de comunicación, cognitivas, actitudinais, organizativas etc.)</p>	<p>B2.4 Recoñecer e analizar as diferentes barreiras que dificultan a accesibilidade universal e participación da persoa en calquera ámbito.</p>	<p>B2.4.1 Identifica, desde unha actitude construtiva, barreiras no seu centro e na súa contorna, e analiza como poden afectar a cada unha das persoas.</p>	<p>CMCCT CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • g 	<p>B2.4 Medidas ou accións que promoven a inclusión. A lingua de signos, lectura fácil/accesible, sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC), Braille, accesibilidade web, accesibilidade física e sensorial etc.</p>	<p>B2.5 Identificar e recoñecer os principais recursos existentes para eliminar os diversos tipos de barreiras.</p>	<p>B2.5.1 Coñece a existencia de diferentes sistemas e métodos de comunicación.</p>	<p>CMCCT CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> • c • e • f • g 	<p>B2.5 O deseño universal, un deseño para todos e todas.</p>	<p>B2.6 Comprender como un axeitado deseño de recursos, actividades etc., favorece a plena inclusión e facilita o acceso de todas as persoas.</p>	<p>B2.6.1 Identifica factores que favorecen o deseño universal como as opcións de personalización e a flexibilidade dos produtos, servizos etc.</p>	<p>CMCCT CD</p>

<ul style="list-style-type: none"> • c • e • f • g 	B2.5 O deseño universal, un deseño para todos e todas.	B2.6 Comprender como un axeitado deseño de recursos, actividades etc., favorece a plena inclusión e facilita o acceso de todas as persoas.	B2.6.1 Identifica factores que favorecen o deseño universal como as opcións de personalización e a flexibilidade dos produtos, servizos etc.	CMCCT CD
		B2.7 Formular alternativas de accesibilidade ante as barreiras identificadas.	B2.7.1 Propón melloras encamiñadas ao deseño universal dos produtos, servizos etc., tendo en conta a opinión dos e das demais e, nomeadamente, das persoas usuarias deles.	CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • m 	B2.6 A diversidade e a accesibilidade no contorno familiar.	B2.8 Recoñecer e valorar na súa propia familia as vantaxes e necesidades que presentan as diferentes persoas.	B2.8.1 Identifica necesidades diferenciais no seu contorno familiar, con especial atención ás persoas maiores, á infancia, persoas con discapacidade, entre outros colectivos.	CSC CAA
			B2.8.2. Valora e pon exemplos de como estes diferentes focos de atención axudan a ver dunha maneira máis enriquecedora o mundo.	CSC CCL

Bloque 3. O contorno inclusivo				
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • d • n 	B3.1 Actividades inclusivas (proxectos, xogos, dinámicas de grupo etc.) en contextos de aula, espazos lúdicos	B3.1 Revisar as diferentes situacións e contextos das actividades para que garantan os principios	B3.1.1 Participa activamente en actividades desde a potenciación da inclusión.	CSC CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> • b • c • d • n 	<p>B3.1 Actividades inclusivas (proxectos, xogos, dinámicas de grupo etc.) en contextos de aula, espazos lúdicos e actividades extraescolares e complementarias.</p>	<p>B3.1 Revisar as diferentes situacións e contextos das actividades para que garantan os principios de accesibilidade universal.</p>	<p>B3.1.1 Participa activamente en actividades desde a potenciación da inclusión.</p>	<p>CSC CSIEE</p>
			<p>B3.1.2 Propón vías de mellora de actividades para facelas máis inclusivas.</p>	<p>CSIEE CAA</p>
			<p>B3.1.3 Deseña e executa pequenas accións inclusivas.</p>	<p>CSIEE CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • e 	<p>B3.2 A aula e o centro educativo (servizos educativos e complementarios) como contextos inclusivos.</p>	<p>B3.2 Distinguir, comprender e vivenciar as accións que se levan a cabo no centro de cara a unha inclusión real.</p>	<p>B3.2.1 Busca información e comunica de xeito claro como o centro favorece a inclusión propoñendo medidas de mellora.</p>	<p>CAA CSIEE CCL</p>
			<p>B3.2.2 Apoia accións, se é necesario respectando as necesidades dos compañeiros e das compañeiras, valorando a súa subxectividade, para garantir a participación plena de todos e todas.</p>	<p>CCEC CAA</p>
			<p>B3.2.3 Experimenta, mediante actividades de simulación grupais, as necesidades das diferentes persoas, comunicando estas vivencias de xeito empático.</p>	<p>CCL CSIEE</p>

<ul style="list-style-type: none"> • a • d • e 	<p>B3.3 As asociacións, ONGs, organizacións sociais etc., como axentes facilitadores da inclusión tanto nos centros educativos como no contorno social.</p>	<p>B3.3 Coñecer e valorar o traballo de asociacións, ONGs e outras organizacións sociais que traballan a favor da inclusión.</p>	<p>B3.3.1 Contacta e dialoga con aquelas asociacións, ONGs, organizacións sociais etc., do seu interese e afonda na análise de posibles dificultades ou áreas de mellora do seu contorno.</p>	<p>CAA CSIEE CCL CD</p>
		<p>B3.4 Aprender a vivir en comunidade desde o coñecemento doutros axentes sociais locais, valorando as diferentes accións e plans de voluntariado.</p>	<p>B3.4.1 Identifica a nivel persoal os seus propios valores e ponos en relación coas posibles achegas en materia de voluntariado.</p>	<p>CSIEE CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • f 	<p>B3.4 O contorno próximo (barrio, concello etc.) inclusivo.</p>	<p>B3.5 Coñecer e analizar criticamente os elementos do contorno que actúan como barreiras ou como facilitadores da inclusión.</p>	<p>B3.5.1 Explora o contorno, identifica elementos favorecedores e barreiras, e comunica os seus achados de modo rigoroso e claro.</p>	<p>CCEC CCL</p>

Temporalización

1ª AVALIACIÓN: Bloque 1. A diversidade como valor social

2ª AVALIACIÓN: Bloque 2. A accesibilidade universal e a inclusión.

3ª AVALIACIÓN: Bloque 3. A contorna inclusiva.

MATERIAL DIDÁCTICO

Dentro dos recursos materiais imprescindibles para poder impartir a materia, é preciso distinguir entre o material propio do alumnado e o material da aula onde se procederá a impartir os contidos. así coma o uso da Aula Virtual: **Páxina web do IES, Aula Virtual.**

Alumnado: Aula Virtual. Material da clase. Caderno de clase.

Aula: materiais comúns do centro depositados na Biblioteca do centro e no Departamento. Bibliografía específica da Biblioteca do centro ou do Departamento de Xeografía e Historia. Canón e PC dispoñibles na aula. Recursos e Vídeos didácticos.

Procedementos, criterios e instrumentos de avaliación

O proceso da avaliación será integrador, constando de 3 avaliacións. En cada unha delas poderán facerse probas específicas: obxectivas escritas; obxectivas orais; postas en común, debates e exposicións orais. Así como Entregas de tarefas, entrega de tarefas do proxecto coeducativo. Ao remate de cada avaliación de ser necesario haberá unha proba de recuperación dos contidos dados ao longo da mesma.

Poderá facerse unha proba final ou traballo no que serán examinados dos contidos impartidos na materia os alumnos/as que teñan suspensas unha, dúas ou tres avaliacións. Aqueles que non recuperaron unha avaliación examinaranse dos contidos da citada proba suspensa no exame final ou mediante a entrega de traballos ou actividades propostas polo docente. Os alumnos/as deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse ao exame da convocatoria extraordinaria. Probablemente realizaranse exercicios de recompilación ao final de curso que serán valorados para o redondeo da nota final.

En canto aos criterios de corrección das tarefas, exercicios ou probas escritas a realizar, sinalar os seguintes puntos:

En todas as preguntas e apartados das tarefas escritas, indicárase a puntuación máxima que se pode obter.

Nas respostas e entregas valorárase a orde e a limpeza. Non se terán en conta explicacións ou resolucións inintelixibles. No caso de usar esquemas ou debuxos, estes deberán ser claros. En caso contrario non serán puntuados.

A puntuación máxima darase cando a formulación e a resolución da pregunta ou tarefa sexan correctas.

Aspectos a ter en conta:

-As faltas das entregas de tarefas ou as non presentadas na data establecida, que non estean debidamente xustificadas mediante un documento oficial (certificado médico, requirimento xudicial ou similar) non se repetirán constando a efectos de cualificación como non presentados.

-No caso de que se comprobe que un alumno copiou, que permitiu que outros copiasen do seu traballo, ou que participou en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os seus resultados académicos, anúlase a puntuación das preguntas correspondentes ou de toda a proba na que se demostrou o seu comportamento deshonesto.

-Así mesmo e co fin de garantir que non se produzan situacións de copia durante as probas escritas ou tarefas propostas, esixírase aos alumnos que coloquen os seus teléfonos móbiles en silencio, reloxos dixitais e outros dispositivos electrónicos sobre a mesa do profesor, os cales recuperarán ao finalizar a proba ou tarefa. O profesor/a terá dereito a requirir calquera dispositivo ou utensilio electrónico que poida ser empregado como instrumento para copiar e que será devolto ao alumno ao finalizar a proba.

Criterios de cualificación

O alumnado chegará ao aprobado cando faga tódalas entregas previstas en tempo e 11 prazos sinalados, e acade a nota mínima de 5. O alumnado que non acade o aprobado contará coa posibilidade de facer unha proba escrita ou traballo indicado pola profesora.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Avaliación	Procedementos	Instrumentos	Calificación
Observación directa	Observación (cada ítem 0,3 puntos) <ul style="list-style-type: none">• Cumprimento das indicacións da profesora, nas tarefas individuais e de grupo.• Respecto quenda de palabra• Traer o material de traballo• Participación na clase• Coidado do material persoal e da aula.• Manter unha boa actitude cara a materia.• Puntualidade nas entradas e saídas da aula.• Aproveitamento do tempo de traballo persoal e de aula.• Non faltas de asistencia inxustificadas, puntualidade.• Actitude colaboradora e implicación coa materia.	Rúbrica Caderno do profesor	30%
Procesual	Proxectos por avaliación: diferentes entregas ao longo do curso.	Rúbrica Caderno do profesor	70%

Criterios de cualificación

O alumnado chegará ao aprobado cando faga tódalas entregas previstas en tempo e prazos e acade a nota mínima de 5. O alumnado que non acade o aprobado contará coa posibilidade de facer unha proba escrita ou traballo indicado pola profesora.